

Xestión de Persoal

EXPEDIENTE.- 2021/G003/003184

PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

Asunto: LISTAXE PROVISIONAL ELEVADA A DEFINITIVA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN A2, PERFIL XURIDICO

Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante mín, Secretario Xeral, dita a presente

RESOLUCIÓN:

En base ás competencias do art. 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Segundo o estipulado na convocatoria e bases reguladoras do proceso de selección dun/dunha praza de técnico/a medio de xestión A2, con perfil xurídico, funcionario interino por proxecto/programa no marco do Proxecto eficiencia enerxética e expropiacións, a través do procedemento de concurso de méritos por quenda restrinxida, aprobadas por Decreto número 2654/2021 de 18 de setembro de 2021. Por todo o exposto,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no devandito proceso selectivo, de conformidade coa listaxe de seguido referida:

ADMITIDOS/AS:

1. Montes Fernández, Eva María
2. Roibal Paseiro, Jesús
3. Santos Rodríguez, María Everilda

EXCLUÍDOS/AS:

Ningún/ha

SEGUNDO.- Designar nominativamente aos membros do Tribunal cualificador de acordo ao establecido na base 5ª, quedando constituído do seguinte xeito:

- Presidente: D^a. Luz María Villa Álvarez, interventora do Concello de Arteixo (titular) e D. Óscar Miranda Lodeiros, técnico medio de Medio Ambiente do Concello de Arteixo (suplente)
- Secretario: D. José María Vázquez Pita, secretario xeral do Concello de Arteixo (titular) e D^a Cristina Garay Aguirre, técnica de persoal e RR.HH. do Concello de Arteixo (suplente)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

- Vogais:
 - o D^a. Monica Bello Novo, viceinterventora do Concello de Arteixo e D^a. Mercedes Vázquez González, técnica de servizos económicos (suplente)
 - o D. Marcos Docampo Fraga, técnico de deportes do Concello de Arteixo (titular) e D. Julio Amieiro Gómez, arquitecto técnico do Concello de Arteixo (suplente)
 - o D^a. Marina Ventura Lozano, administrativa do departamento de persoal do Concello de Arteixo (titular) e D^a. Belén Zas González, administrativa do departamento de persoal do Concello de Arteixo (suplente)

TERCEIRO.- Elevar a listaxe provisional a definitiva, de conformidade coa base 4^a das bases reguladoras.

CUARTO.- Convocar aos membros do Tribunal cualificador para constitución do mesmo o vindeiro **20 de outubro de 2021 ás 10:00 horas** no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Arteixo e dando inicio ao proceso selectivo pola fase de concurso, baremo de méritos dos/as aspirantes admitidos/as, nesa mesma data.

QUINTO.- Convocar aos/ás aspirantes admitidos/as, en chamamento único, para a realización da entrevista, o día **20 de outubro de 2021 ás 12:00 horas** no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Arteixo.

SEXTO.- Dar traslado ao departamento de persoal para que procedan a inmediata publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

SÉTIMO.- Dar traslado aos membros do Tribunal cualificador, titulares e suplentes, xunto con copia das bases da convocatoria.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D. José María Vázquez Pita, como Secretario Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).